

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, A FUNDACIÓN KERTOR, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE VIGO, A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA INSTRUMENTAR A ACHEGA DE GALICIA AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE BIOTECNOLOXÍA APLICADA Á SAÚDE DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación , **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades teñen previsto formalizar coa Fundación Kertor, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Vigo (UVIGO), a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS-INIBIC) e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangan dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de novembro de 2022 e se teñan rematado o 29 de setembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de participación da Fundación Kertor, a USC, a UDC, a UVIGO, a FIDIS, a FPNS-INIBIC e a FBGS no programa complementario de Biotecnoloxía aplicada á Saúde concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo Ministerio de Ciencia e Innovación (MICIN) conforme ao establecido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI) do 22 de xuño de 2022, no Real Decreto 633/2022, de 26 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a súa incorporación a programas dos Plans Complementarios de I+D+I, que forman parte do compoñente 17 do do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



(PRTR) e na Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 5 de outubro de 2022 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1) O PRTR traza a folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego, para a reconstrución económica sólida, inclusiva e resiliente trala crise da COVID-19, e para responder aos retos da próxima década. Este Plan recibe o seu financiamento dos fondos *Next Generation EU*, entre eles o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O compoñente 17 do PRTR, denominado "Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación" pretende reformar o Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI) para adecualo aos estándares internacionais e permitir o desenvolvemento das súas capacidades e recursos. Proponse utilizar os recursos públicos para realizar cambios rápidos que adapten e melloren a eficacia, a coordinación e a colaboración e transferencia entre os axentes do SECTI e a atracción do sector privado, con gran impacto no curto prazo sobre a recuperación económica e social do país.

Co obxectivo de reforzar e mellorar a gobernanza da política de investigación e innovación, o compoñente 17 inclúe a inversión I1 "Plans Complementarios coas Comunidades Autónomas" para unha mellor gobernanza mediante a creación dos Plans Complementarios de I+D+I coas Comunidades Autónomas, un novo instrumento para establecer colaboracións entre o Estado e as comunidades autónomas en accións de I+D+I nas que conflúan prioridades comúns dos plans rexionais e estatal e que permitan establecer sinerxías, aumentando a eficacia das políticas públicas en certas áreas estratéxicas. Estes plans terán financiamento conxunto e permitirán aliar a execución dos fondos rexionais, estatais e europeos.

2) Mediante Acordo do CPCTI, do 8 de novembro de 2021, aprobouse o acordo polo que se establece o marco para a implementación dos Plans Complementarios que forman parte do



compoñente 17 do PRTR. No punto segundo deste Acordo establécese que os programas de I+D+i contarán para a súa execución coas achegas do Ministerio de Ciencia e Innovación (MICIN), con cargo aos fondos do PRTR, e con achegas das Comunidades Autónomas.

Neste acordo determínase o procedemento e as condicións para o inicio dos Plans Complementarios con catro programas de I+D+i, entre eles o de Biotecnoloxía aplicada á Saúde coa colaboración das comunidades autónomas de País Vasco, Cataluña, Castela-A Mancha e Estremadura.

Posteriormente, o CPCTI na súa reunión celebrada o 22 de xuño de 2022 aprobou a incorporación das comunidades autónomas de Galicia, Andalucía e Aragón ao programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde. En concreto, para Galicia establécese unha dotación de fondos PRTR de 1.950.000 € e unha achega da Comunidade Autónoma de 1.050.000€.

Así mesmo, o Real Decreto 663/2022 establece no seu artigo 6 que o importe da subvención directa concedido á Comunidade Autónoma de Galicia para o citado programa ascende a 1.950.000 € que serán aboados, con carácter anticipado e dunha soa vez no momento da concesión.

O programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde está dirixido ao desenvolvemento de ferramentas para diagnóstico, prognóstico e terapias avanzadas ou dirixidas en medicina personalizada.

3) Así mesmo, a Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 5 de outubro de 2022 concede a Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no Real Decreto 663/2022 e establece as obrigas que asume a Comunidade Autónoma como beneficiaria así como as condicións para a execución das actuacións e dos gastos.

4) O programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde, na parte que lle corresponde executar a Comunidade Autónoma de Galicia, supón o financiamento da proposta de actividades formulada no anexo I do Acordo do CPCTI do 22 de xuño de 2022. No programa aprobado polo MICIN aparecen como entidades executoras do programa en Galicia as seguintes:

- A Fundación Kertor
- As Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG):



- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
 - Universidade da Coruña (UDC)
 - Universidade de Vigo (UVIGO)
- Os Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia:
- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)
 - A Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS-INIBIC)
 - A Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS)

5) Para o desenvolvemento das tarefas asumidas por cada unha das entidades da Comunidade Autónoma de Galicia participantes nas liñas de actuación previstas no programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde e proporcionar e xestionar os fondos propios da Comunidade Autónoma asignados ás mesmas, así como para regular as condicións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, GAIN, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Fundación Kertor, a USC, a UDC, a UVIGO, a FIDIS, a FPNS-INIBIC e a FBGS conveñen en formalizar a tales efectos un convenio.

6) As actividades a desenvolver pola Comunidade Autónoma de Galicia no marco do citado programa teñen un custo estimado de 3.000.000,00 €, dos que 1.050.000,00 € corresponden a a fondos aportados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

GAIN e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aportarán ás entidades executoras do programa a totalidade do financiamento autonómico conforme ao desglose por entidades, aplicacións orzamentarias e anualidades que a continuación se indican:

Tipo de Fondos	Entidade	Aplicación Orzamentaria	2023	2024	2025	TOTAL
FCA	F. Kertor	05.A2.561A.781.0 (2023 00001) GAIN	138.310 €	468.860 €	6.030 €	613.200 €
	USC	10.03.561B.744.0 (2016 00129) Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	26.800 €	80.400 €	13.400 €	120.600 €
	UDC		26.800 €	80.400 €	13.400 €	120.600 €
	UVIGO		26.800 €	80.400 €	13.400 €	120.600 €



	FIDIS	05.A2.561A.781.0 (2023 00001) GAIN	25.000 €			25.000 €
	FPNS-INIBIC		25.000 €			25.000 €
	FBGS		25.000 €			25.000 €
	TOTAL		293.710 €	710.060 €	46.230 €	1.050.000 €

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data que se indica na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

